

## **POLÍTICA DE PRIVACIDADE**

### **ESPAZOCOOP – UNIÓN DE COOPERATIVAS GALEGAS**

#### **INTRODUCCIÓN E IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DE TRATAMENTO**

**UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP, entidade con CIF G70506662, e con enderezo en Rúa do Hórreo, 104 Baixo Esquerda - 15701 Santiago de Compostela (A Coruña), é a Responsable de tratamento dos diferentes datos persoais que se recollen para unha correcta prestación do noso servizo.**

**É o noso obxectivo tratar os seus datos con total transparencia, aportando sempre as maiores garantías de confidencialidade e seguridade. É por iso que lle queremos explicar de maneira precisa o motivo e o xeito que temos de recompilar, almacenar, compartir e utilizar os seus datos persoais, así como os dereitos que pode exercer con respecto a estes tratamentos.**

**Esta Política proporciona información acerca do uso que ESPAZOCOOP fai dos seus datos persoais. Os termos que rexen o uso da web descríbense no enlace “Aviso Legal” da mesma.**

**No caso de que ofrecéramos servizos adicionais e que estes implicaran algunha modificación na forma en que recompilamos e tratamos os seus datos, proporcionariámoslle máis información así como os termos adicionais que procederan.**

**Informámoslle tamén de que poñemos á súa disposición o enderezo de correo electrónico [info@espazo.coop](mailto:info@espazo.coop), ao que pode dirixirse de modo directo e efectivo sempre que teña calquera pregunta ou dúbida acerca do tratamento dos seus datos persoais ou cando desexe comunicarse con nós.**

## **RECOMPILACIÓN E TRATAMENTO DOS DATOS PERSOAIS**

**ESPAZOCOOP recompila os seus datos persoais a través das seguintes vías:**

- a. Cando se dá de alta a súa empresa como Cooperativa Socia cubrindo a Solicitud de Asociación, na que se indican datos identificadores da cooperativa e do seu representante.**
- b. Cando acode a nós, como persoa xurídica ou física, para que lle prestemos os nosos servizos de asesoramento e xestión, de acompañamento e titorización.**
- c. Cando se pon en contacto con nós a través do apartado “CONTACTO” da nosa páxina web, cubrindo o seu nome e enderezo electrónico no Formulario correspondente.**
- d. Cando se inscribe a través da web a un curso, obradoiro ou xornada formativa/informativa organizada por ESPAZOCOOP, enchendo o formulario de inscrición que se abre ao pinchar no enlace “FORMACIÓN”. Cando cubre este formulario facilítanos o seu nome e apelidos, NIF, teléfono e correo electrónico.**
- e. Cando se subscribe ao noso Boletín Informativo na web indicando o seu nome e enderezo electrónico**
- f. Cando é vostede un provedor e solicitamos os seus datos para poder realizar os pedidos de bens e servizos e proceder ao pago dos mesmos.**
- g. Cando vostede, voluntariamente, se fai seguidor das Redes Sociais de ESPAZOCOOP.**

**h. Cando nos fai chegar o seu cv para participar no programa de selección de bolseiros para cooperativas socias**

## FINALIDADE DO TRATAMENTO DE DATOS, TEMPO DE CONSERVACIÓN E CESIÓN DE DATOS

En ESPAZOCOOP tratamos os datos que nos facilita coas seguintes finalidades:

CATEGORÍA DE DATOS	FINALIDADE	BASE XURÍDICA
Datos COOPERATIVAS SOCIAS	<p>ESPAZOCOOP recompila estes datos para:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Poder desenvolver unha xestión integral da relación contractual existente (xestión contable e/ou administrativa da cooperativa socia, xestión de proxectos, trámites ante administracións, xestión de subvencións... )</li> <li>- Enviar o Boletín Informativo da Unión</li> <li>- Crear un usuario de acceso aos contidos privados da nosa web.</li> </ul>	Contrato e consentimento
Datos <u>USUARI@S</u> CLIENTELA	Recompílanse os datos para a adecuada realización das xestións encomendadas pola clientela/usuari@ e que abrangue dende servizos de asesoramento e titorización, á organización de actividades formativas.	Contrato
Datos ALUMNADO	Os datos dos participantes nos cursos, obradoiros e xornadas formativas organizadas por ESPAZOCOOP son	Contrato e consentimento

	<p><b>utilizados para o desenvolvemento da actividade formativa, así como para a creación dun usuario de acceso aos contidos do curso na nosa web.</b></p> <p><b>Se o alumnado presta o seu consentimento utilizaremos o seu enderezo electrónico para o envío posterior de información relativa a próximas convocatorias de accións formativas.</b></p>	
<p><b>Datos BOLSA DE EMPREGO CV (bolseir@s)</b></p>	<p><b>Os datos facilitados a través do seu curriculum son utilizados por ESPAZOCOOP para incorporalos á nosa base de datos coa finalidade de participar no proceso de selección de bolseir@s para as cooperativas socias. Poden ser cedidos a cooperativas asociadas con procesos de selección abertos, sempre e cando vostede prestar o seu consentimento.</b></p>	<p><b>Consentimento</b></p>
<p><b>Datos PROVEDOR/A</b></p>	<p><b>Os datos dos provedores/as só son tratados para a adquisición de bens e servizos e para a xestión dos trámites derivados (realización de pagos).</b></p>	<p><b>Contrato</b></p>
<p><b>Datos do Formulario "CONTACTO"</b></p>	<p><b>A finalidade da recollida dos datos do formulario é unicamente poder dar resposta de xeito eficaz á consulta que se nos realiza a través do apartado</b></p>	<p><b>Consentimento</b></p>

	<b>“CONTACTO”.</b>	
<b>Datos SUBSCRITOR@S</b>	<b>Unicamente utilizamos os datos para o envío do Boletín Informativo.</b>	<b>Consentimento</b>
<b>Redes Sociais</b>	<b>A información e datos persoais proporcionados voluntariamente polo usuario/a a través das redes sociais só son utilizados para atender cantas peticións nos formule a través das mesmas.</b>	<b>Consentimento</b>

**En tódolos casos, os datos proporcionados se conservarán mentres se manteña a relación contractual ou en tanto vostede, como interesado/a, non solicite a súa supresión ou exercite o seu dereito de oposición. Unha vez finalizado o contrato, conservaranse os seus datos debidamente bloqueados durante todo o tempo que que sexa necesario para atender ás obrigas legais que en materia fiscal ou noutro ámbito afecten a ESPAZO COOP.**

**Se ben ESPAZO COOP non realiza intencionadamente transferencias internacionais de datos, si utiliza servizos de almacenamento na nube (Dropbox ou Gdrive). Dende ESPAZO COOP informámoslle de que os servizos utilizados corresponde a empresas que transfiren os datos dende a UE aos EUA baixo os principios Privacy Shield, é dicir, baixo os requisitos legais de protección de datos existentes na UE, proporcionando polo tanto unha adecuada protección da privacidade dos datos.**

**Os seus datos nunca serán utilizados para o envío de comunicacións (publicitarias, informativas...) sen o seu consentimento. Tampouco serán cedidos a terceiros/as, salvo que exista obriga legal ao respecto; só se cederán os cv de aqueles bolseiros/as que así o consentiran a cooperativas con procesos de**

**selección abertos e que nos soliciten candidatas/os.**

## **REDES SOCIAIS**

**ESPAZOCOOP conta con perfís nalgunhas das principais Redes Sociais (RRSS) co fin de informar e publicitar os seus servizos. Se o usuario/a dispón dun usuario/a na mesma rede social e decidiu unirse á páxina creada pola Unión, enténdese que amosa o seu interese na información que se publicita na Rede e outorga o seu consentimento expreso para o tratamento daqueles datos publicados no seu perfil no momento no que se fai seguidor/a das nosas redes oficiais.**

**O tratamento que ESPAZOCOOP realiza dos datos subministrados polo usuario/a a través das RRSS descríbese no epígrafe 3 desta Política. En ningún caso ESPAZOCOOP extraerá datos das RRSS e en calquera caso, o tratamento feito será, como máximo, o que a rede social permita aos perfís corporativos.**

**O usuario/a pode acceder en todo momento ás políticas de privacidade da propia rede social, así como configurar o seu perfil para garantir a súa privacidade.**

**Nas RRSS, o usuario/a pode compartir textos, fotos, vídeos e outro tipo de información ou contidos, algo que fará libre, voluntaria e conscientemente. De facelo así, estes contidos estarán suxeitos tanto á presente política como ás Normas e Condicións de Acceso e Uso da rede social correspondente. O usuario/a será responsable de que todos os contidos que publique respecten a lexislación vixente, a presente política e o aviso legal da rede social.**

## **MEDIDAS DE SEGURIDADE**

**Informámoslle de que todos os seus datos son tratados de conformidade co disposto nas normativas vixentes en protección de datos persoais, e máis concretamente conforme ao *Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (RXPD) relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.***

**Así mesmo, cúmprense os principios descritos no artigo 5 do RXPD, polo que os seus datos son tratados de xeito lícito, leal e transparente en relación co interesado/a e de maneira adecuada, pertinente e limitada ao necesario en relación cos fins para os que son tratados.**

**Co obxectivo de salvagardar a seguridade dos seus datos persoais, informámoslle de que implantamos todas as medidas de índole técnica e organizativa necesarias para garantir a seguridade dos mesmos, a súa alteración, perda e tratamento ou acceso non autorizados.**



## **DEREITOS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS**

**En calquera momento pode exercer os seus dereitos dirixíndose ao enderezo postal arriba indicado ou ao enderezo electrónico [info@espazo.coop](mailto:info@espazo.coop), especificando o dereito que quere exercer e respecto de que datos persoais. En particular, o RXPD outórgalle os seguintes dereitos:**

- **Dereito de acceso e Dereito de rectificación. Vostede ten dereito a ser informado/a e solicitar acceso aos datos persoais sobre vostede que procesamos ou á súa rectificación cando sexan inexactos.**
- **Dereito de supresión. Vostede ten dereito a solicitar que se eliminen os seus datos persoais.**
- **Dereito á limitación do tratamento. Vostede ten dereito a solicitar que se deteña o procesamento de xeito temporal ou permanente de todos ou algúns dos seus datos persoais.**
- **Dereito de oposición. A oposición ao tratamento dos seus datos cando a base xurídica para o tratamento sexa o interese lexítimo de ESPAZOCOOP ou por motivos relacionados coa súa situación particular.**
- **Dereito á portabilidade. Vostede ten dereito a solicitar unha copia dos seus datos persoais en formato electrónico e o dereito a transmitilos para usalos no servizo a un terceiro/a.**

**Igualmente, informámoslle da opción de presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos en caso de considerar que cometemos unha infracción respecto ao tratamento dos seus datos persoais. Para elo debe dirixirse a:**

**AXENCIA ESPAÑOLA DE PROTECCIÓN DE DATOS**

**R/ Jorge Juan, 6 | 28001 Madrid**